

**BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 17 DE AGOSTO DE 2007.**

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **ONCE HORAS E CINCUENTA MINUTOS** do día **DEZASETE DE AGOSTO DE DOUS MIL SETE**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **D<sup>a</sup>. PAULA FERNANDEZ PENA**, reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, de primeira convocatoria, coa asistencia dos Tenentes de Alcalde **D<sup>a</sup> OFELIA REY RECIMIL** e **D. MANUEL CUIÑA FERNÁNDEZ**, da Secretaria da Corporación **DONA BERTA ALONSO SOTO** e da Interventora Municipal **DONA ANA MARÍA LOUREIRO SILVA**.

Non asisten: **D<sup>o</sup> JAVIER CUIÑA MACEIRA**  
**D<sup>a</sup> MARIA DOLORES GARCIA TROITIÑO**

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

**1º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-**

**2º.- CONTRATACIÓN.-**

**3º.- SUBVENCIONES.-**

**4º.- URBANISMO.-**

**5º.- SERVIZO SOCIAIS.-**

**6º.- INTERVENCIÓN.-**

**ROGOS E PREGUNTAS.-**

**1º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-**

**1.1.-** Escrito da Deputación Provincial de Pontevedra, de data 17 de agosto de 2.007, con número de Rexistro de Entrada 3727, polo que se comunica o informe favorable emitido por esa Administración, en relación coa solicitude de autorización realizada polo Concello, para a celebración o día 18 de agosto da baixada de carrilanas desde o lugar da Igrexa (parroquia de Cervaña), pasando polas proximidades do lugar de Rabo de Gato (Parroquia de Moalde) e desembocando na N-640.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

**1.2.-** Escrito de José Ramón Vázquez Rey, en representación de Construcciones Regume S.L., polo que se solicita se proceda al corte de tráfico de Renque do Peixe desde o día 20 de agosto ás oito horas ata as dezanove horas do día 21 de agosto, para posibilitar a instalación dunha grúa torre.

A Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade acceder ó solicitado.

## **2º.- CONTRATACIÓN.-**

**2.1.-** Inicio do expediente da contratación do suministro denominado “Adquisición de vehículos industriais” PAM 06-08

Dada a necesidade de éste concello de proceder á tramitación do expediente de suministro de vehículos industriais, consistente na adquisición dun vehículo pick up, un tractor diésel e un vehículo multiuso de traballo, por importe de 58.000,00 euros, financiándose íntegramente pola Excm. Deputación Provincial de Pontevedra, a través do programa de acción municipal 2.006-08 (PAM 06-08).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

**PRIMEIRO.** Que se inicien os trámites necesarios para incoar un procedemento negociado sin publicidade para a contratación do suministro denominado “Adquisición de vehículos industriais”

**SEGUNDO.** Que por secretaría se emita informe sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

**TERCEIRO.** Que se proceda á elaboración do Prego que haberá de rexir a adxudicación do contrato, y se continúe cos trámites legais previstos.

**CUARTO.** Que por parte de Intervención se emita o correspondente informe e se incorpore ó expediente o certificado de existencia de crédito.

## **3º.- SUBVENCIONS.-**

**3.1.-** Escrito de data 10 de agosto de 2.007, con número de rexistro 3.632, presentado por D. José Manuel Ayude Salgueiro, en calidade de presidente da Asociación Amigos da Empanada pola que se solicita o seguinte:

- Desbroce, limpeza e acondicionamento das vías de acceso ó lugar de celebración da Festa da Empanada.
- Acondicionamento do campo onde se realizará o día 17 de agosto o festival folk e o día 20 de agosto a festa da empanada.
- Servicio municipal para a acometida de auga potable ó recinto da empanada.
- Contenedores de lixo para o venres 17 e sábado 18.
- Utilización da plataforma municipal do día 17 de agosto ó día 20 do mesmo mes.
- Limpeza das rúas e recollida de lixo nos lugares da festa.
- Autorización para a celebración do descenso de carrilanas
- Solicitud de ó camping de Medelo para a estancia do persoal que asiste como participante no descenso de carrilanas.

A Xunta de Goberno Local acorda informar a D. José Manuel Ayude Salgueiro de que xa foron realizadas por parte do Concello todas as tarefas solicitadas no seu escrito.

#### **4º.- URBANISMO.-**

##### **4.1.- Reposición da legalidade urbanística.**

Vista a denuncia formulada por D. José Vidal García, no que se pon en coñecemento desta Xunta de Goberno Local a existencia dunha obra de construción de cuberto sobre un muro medianero que linda coa finca de D. José Vidal García, realizada por Dona Adelina Guerra Gallego no lugar de San Fiz nº 33 que podera facer necesario que se inicie procedemento para repoñer a legalidade urbanística.

Visto o informe realizado polo axente da policía local D. Alejandro de la Fuente Fernández, no que se pon de manifesto a veracidade dos feitos denunciados por D. José Vidal García.

Visto que a obra denunciada carece de licenza municipal.

De conformidade co informe de Secretaría, en relación co procedemento e a Lexislación aplicable, polas facultades que conferidas en virtude do artigo 209 da Lei 9/2002,

A Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

**PRIMEIRO.** Incoar expediente para a adopción de medidas de reposición da legalidade urbanística, respecto das actuacións ilegais consistentes na construción de cuberto sobre un muro medianero que se están a realizar por Dona Adelina Guerra Gallego, no lugar de San Fiz nº 33, de conformidade co disposto no artigo 209 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia .

**SEGUNDO.** Ordenar a Dona Adelina Guerra Gallego a suspensión inmediata dos

devanditos actos

**TERCEIRO.** Que por parte dos Servizos Técnicos Municipais se informe sobre su as actuacións que se están a realizar son compatibles co planeamento urbanístico.

**CUARTO.** Notificar ós interesados para que podan examinar o expediente e presentar as alegacións que tengan por convinte, outorgandolles un prazo de dez días.

Así mesmo, dar audiencia ós interesados que aparezcan no expediente, para que no mesmo prazo aleguen o que estimen pertinente.

#### **4.2.- Modificación puntual do Plan Parcial do parque empresarial de Silleda.**

Visto o proxecto de modificación puntual de Plan Parcial do parque empresarial de Silleda, que desenrola o Plan Xeral de Ordenación Municipal, presentado por Xestur Pontevedra como propietario do 100 por cen do solo.

Visto o informe de Secretaría de data 15 de agosto de 2.007, sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Considerando canto antecede e de conformidade co artigo 86.1 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e co artigo 21.1.j) da Ley 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, así coma a resolución de alcaldía de delegación de competencias na Xunta de Goberno Local, de data 6 de xullo de 2.007

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

**PRIMEIRO.** Aprobar inicialmente a modificación puntual do Plan Parcial do parque empresarial de Silleda, que ten por obxecto adaptarse o estado actual da urbanización na marxen A, e regular a urbanización restante e a posterior edificación nos solos edificables vacantes resultantes.

**SEGUNDO.** Abrir un período de información pública durante o prazo de un mes, mediante anuncio no Diario Oficial de Galicia así coma en dous dos periódicos de maior difusión na provincia. Durante dito período quedará o expediente a disposición de calquiera que quera examinalo ou obter copias para que se presenten as alegacións que se estimen pertinentes.

**TERCEIRO.** Suspender o outorgamento de licencias en aqueles ámbitos do territorio obxecto do planeamento cujas novas determinacións supoñan a modificación da ordenación urbanística vixente.

**CUARTO.** Notificar individualmente o trámite de información pública a todos os propietarios dos terrenos afectados.

**QUINTO.** Solicitar ás Administracións afectadas pola súa competencia sectorial para que emitan o correspondente informe ós efectos regulados na Lexislación sectorial. Estes informes deberán emitirse no prazo de un mes, salvo que a lexislación sectorial estableza outro prazo.

**SEXTO.** Recabar da Consellería competente en materia de Medio Ambiente o preceptivo informe ambiental, que deberá ser emitido no prazo dun mes.

#### **4.3.- Actividades Clasificadas:**

**4.3.1.-** Examinado o expediente promovido por Dona Ana Sánchez Vilas, en representación de TÉCNICAS & GRAMAXE S.L., en virtude de instancia nº 404 de data 31 de xaneiro de 2.007, solicitando Licencia para acondicionamento e apertura de local para dedicalo a oficina de deseño gráfico, a situar na rúa Santa Olaia nº 2, baixo(Silleda), segundo proxecto do enxeñeiro técnico industrial D. Francisco Javier Canabal Fiestras, visado polo colexio oficial correspondente en data 23 de xaneiro de 2.007, actividade comprendida no Reglamente de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas y Peligrosas, aprobado polo Decreto 2414/1961, de 30 de Novembro.

**RESULTANDO:** Que o proxecto técnico e demais documentación foron admitidos a trámite.

**RESULTANDO:** Que cumpríndose os trámites de información pública, constando no expediente notificacións persoais, anuncio no Taboleiro de Edictos do Concello, publicación no B.O.P., non habéndose presentado reclamacións, e incorporando o informe do Asesor Técnico Municipal congruente ca natureza da actividade, de data 6 de agosto de 2007.

**CONSIDERANDO:** Que o proxecto técnico reúne os requisitos esixidos e que a memoria describe, en extensión e detalle, as características da actividade, sua posible repercusión sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garantir a tranquilidade, salubridade e seguridade cidadán e sua adecuación o medio ambiente.

**CONSIDERANDO:** Que no emplazamento proposto é conforme co uso urbanístico asignado para a zona non está en contradición co disposto nos acordos e Ordenanzas municipais sobre a materia, respétanse as distancias previstas e non existe actividade municipalizada con monopolio que resulte incompatible.

Vistos, o Decreto 2414/61, de 30 de Novembro, e demais Disposicións concordantes de aplicación.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º.- Informar favorablemente a concesión da Licencia Municipal Nº 404/2007 instada

por Dona Ana Sánchez Vilas, en representación de TÉCNICAS & GRAMAXE S.L., para acondicionamento e apertura de local para dedicalo a oficina de deseño gráfico, a situar na rúa Santa Olaia nº 2, baixo(Silleda)

2º.- Remiti-lo expediente completo á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (Servicio de Calidade e Avaliación Ambiental) para que emita Informe previo á concesión da correspondente licencia.

**4.3.2.-** Examinado o expediente promovido por Don Antonio Pena Fernández, en representación CHOUSA DO MUIÑO S.L., en virtude de instancia nº 2.467 de data 5 de xuño de 2.007, solicitando licencia para acondicionamento e apertura de local para dedicalo a supermercado, a situar na rúa Emilio Alonso Paz , nº 7, baixo (Silleda), segundo proxecto da Arquitecta Técnica dona Paula Fernández Pena, visado polo colexio oficial correspondente en data 4 de xuño de 2.007, actividade comprendida no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas y Peligrosas, aprobado polo Decreto 2414/1961, de 30 de Novembro.

RESULTANDO: Que o proxecto técnico e demais documentación foron admitidos a trámite.

RESULTANDO: Que cumpríndose os trámites de información pública, constando no expediente notificacións persoais, anuncio no Taboleiro de Edictos do Concello, publicación no B.O.P., non habéndose presentado reclamacións, e incorporando o informe do Asesor Técnico Municipal congruente ca natureza da actividade, de data 14 de agosto de 2007.

CONSIDERANDO: Que o proxecto técnico reúne os requisitos esixidos e que a memoria describe, en extensión e detalle, as características da actividade, sua posible repercusión sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garantir a tranquilidade, salubridade e seguridade cidadán e sua adecuación o medio ambiente.

CONSIDERANDO: Que no emplazamento proposto é conforme co uso urbanístico asignado para a zona non está en contradición co disposto nos acordos e Ordenanzas municipais sobre a materia, respétanse as distancias previstas e non existe actividade municipalizada con monopolio que resulte incompatible.

Vistos, o Decreto 2414/61, de 30 de Novembro, e demais Disposicións concordantes de aplicación.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade, coa abstención da Sra. Alcadesa acorda:

1º.- Informar favorablemente a concesión da Licencia Municipal Nº 2.467/2007 instada por Don Antonio Pena Fernández, en representación CHOUSA DO MUIÑO S.L., para acondicionamento e apertura de local para dedicalo a supermercado, a situar na rúa Emilio Alonso Paz , nº 7, baixo (Silleda)

2º.- Remiti-lo expediente completo á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (Servicio de Calidade e Avaliación Ambiental) para que emita Informe previo á concesión da correspondente licencia.

**5º.- SERVIZOS SOCIAIS.-**

Non hai asuntos que tratar

**6º.- INTERVENCIÓN.-**

Vistos os informes emitidos pola Interventora do Concello, Dona Ana M<sup>a</sup> Loureiro Silva, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación ás facturas circunstanciadas nas seguintes relacións:

- Relación de facturas nº 1 /2.007, de data 17 de agosto de 2.007, ascendendo a mesma a un importe total de 954,71 euros.
- Relación de facturas nº 2/2.007, de data 17 de agosto de 2.007, ascendendo a mesma a un importe total de 291,52 euros.
- Relación de facturas nº 3/2.007, de data 17 de agosto de 2.007, ascendendo a mesma a un importe total de 4.351,77 euros.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as trece horas e vinte minutos, extendéndose a presente acta, do que como Secretaria, dou fe.

A ALCALDESA,

A SECRETARIA,